



TELEVISION DE GALICIA, S.A. (TVG) PRESENTA UNHA COPRODUCCIÓN CON CASA DE TOLOS, S.L.

PRODUCTOR **SEGUNDO GRANDÍO** DIRECTOR DE FOTOGRAFÍA **JORGE RODRÍGUEZ** DIRECTOR DE PRODUCCIÓN **SEGUNDO GRANDÍO** JEFA DE PRODUCCIÓN **TAMARA TORRES**

AXUDANTE DE DIRECCIÓN **MÓNICA CAMBA** MONTAXE DE VIDEO **MIGUEL DE LA PEÑA** XEFE DE SON **PABLO CASAL** POSTPRODUCCIÓN DE SON **PABLO CASAL**

GUIÓN DE **XAIME FANDIÑO** DIRIXIDO POR **XAIME FANDIÑO**

AGADIC



**A vida e milagros daqueles pioneiros conxuntos  
músico-vocais do Vigo dos 60.**

**Cara a cara cos protagonistas dunha historia que  
fala de ye-yés, cabelo longo, guateques, barcos de  
inglesas, festivais, guitarras eléctricas....**

## **SINOPSIS**

Nos anos sesenta, vinte anos antes da mediática movida de Vigo, a cidade olívica viviu o que podemos considerar quizais a década máis rupturista da súa historia. Deste feito apenas quedan hoxe lembranzas, nunha cidade que corre enlouquecida, excepto as que levan no seu corazón a xeración de superviventes que viviron naquela especie Liverpool galaico. Eran os *ye-yés*, os fillos dunha xeración a que lle tocou vivir os últimos estertores da guerra civil, nados nun país en branco e negro que se encargarían de colorear. Unha especie de apóstolos comprometidos coa nacente música electrificada. Estes *ye-yés*, hoxe moitos deles sexaxenarios, relátannos en primeira persoa esa experiencia singular que, a través da ruptura cos canons establecidos no tocante ó aspecto físico e á indumentaria, racharon coa tendencia que prometía a continuidade dunha sociedade con encefalograma plano. O cabelo longo, os guateques, os barcos das inglesas, os festivais, as guitarras eléctricas e moitos máis *inputs*, todos eles aderezados pola música dos nacentes “conxuntos musico-vocais”, marcaron unha diferenza nunca antes experimentada, entre esta especie de *baby boomers* e a xeración precedente. Tal foi a militancia case relixiosa dos *ye-yés* ante a proposta dun novo modelo de vida, que a incompreensión fixo mella nas súas costas desde todos os ámbitos da sociedade. Os protagonistas de *Sixty Tolos (a Golpe de Single)* falan de ilusións, lembranzas, música... e desas outras cousas, hoxe incompreensibles, que lles tocou padecer e vivir á xeración *ye-yé* durante os difíciles anos sesenta. En definitiva, estamos a falar de memoria histórica.

## **FICHA TÉCNICA**

<b>Título</b>	<b>SIXTY TOLOS (A GOLPE DE SINGLE)</b>
<b>Guión</b>	<b>Xaime Fandiño</b>
<b>Dirección</b>	<b>Xaime Fandiño</b>
<b>Produtor</b>	<b>Segundo Grandío</b>
<b>Director de produción</b>	<b>Segundo Grandío</b>
<b>Xefa de produción</b>	<b>Tamara Torres</b>
<b>Axudante de dirección</b>	<b>Mónica Camba</b>
<b>Director de fotografía</b>	<b>Jorge Rodríguez</b>
<b>Xefe de son</b>	<b>Pablo Casal</b>
<b>Montador</b>	<b>Miguel de la Peña</b>
<b>Produtora</b>	<b>Casa de Tolos S.L. En coprodución con Televisión de Galicia S.A.  Co apoio da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)</b>
<b>Formato</b>	<b>HDV</b>
<b>Duración</b>	<b>61 minutos. Cor</b>
<b>Xénero</b>	<b>Documental</b>
<b>País</b>	<b>España</b>
<b>Ano</b>	<b>2009</b>